



**Importantes investimentos municipais nos colexios** Páxinas 12-13



# Un paseo de PREMIO

O Concello de Oleiros recibiu o Premio Cidades que Camiñan 2025, na modalidade de concello mediano pola creación do paseo fluvial de Iñás e Nós. Con esta destacada distinción por parte da entidade de referencia en España e Portugal en transformación urbana e mobilidade reconécese a nivel estatal as políticas de mobilidad do Goberno municipal.

Páxina 6

**O Concello logra 6,5 millóns de Europa para a mellora da calidade urbana**

Páxina 5



Alternativa dos Veciños

## Outra vitoria da responsabilidade

O modelo social e económico que se pretende impoñer no mundo, e ao que por desgraza non somos alleos, provoca entre outras moitas cousas que se nos condene a vivir sempre ás présas, sen tempo para nada, nunha voráxine diaria chea de supostos problemas, moitas veces artificiais, que acaban por facernos esquecer o afortunados que somos. O pasado mes tivemos a honra de recibir ao embaixador de Palestina, Husni Abdel Wahed, quen precisamente comentaba que Oleiros era un paraíso na terra, pola convivencia, a paz, a tranquilidade, a seguridade... como os nenos e nenas podían xogar libres.

Pero este paraíso, do que tan orgullosos estamos, non é froito do azar. Si é certo que Oleiros

foi agraciado coas bondades da natureza, pero foi a determinación do movemento veciñal e a xestión de Alternativa a que sacou brillo a ese encanto natural, con inxentes conquistas públicas de espazos, infraestruturas e servizos para todos e todas; unha política transformadora que ademais do material abriu conciencias, rompeu fronteiras e formou a milleiros cidadáns libres no amor á condición humana.

Co traballo que iniciamos nos albores da democracia, asentamos unhas bases moi sólidas para o desenvolvemento dun concello distinto e singular. Nunca tería sido posible sen a continuidade, outorgada pola cidadanía nas urnas, nin sen a pericia para romper os continuos

bloqueos do tándem PP-PSOE, en ocasións tamén coa colaboración do BNG.

A última derrota do triunvirato de cretinos veu coa sentenza de Casa Carnicero. Aínda que a Fiscalía recorreu a resolución da Audiencia Provincial, quedou demostrado que non hai delito. Case cinco anos despois demostrouse a total legalidade nunha actuación de defensa da seguridade cidadá, demostrando a responsabilidade coa que sempre actuamos. Outro fracaso daqueles que pretenden acabar con Gelo coa ilusión de que así acabarán coa Alternativa. Pero nin unha cousa nin a outra.

A calumnias política e a incerteza xudicial non nos paralizou e, neste momento, temos en

marcha importantes proxectos para a conservación e pervivencia deste Oleiros verde, humano e participativo. Ademais da importante inxección económica que suporán os 6,5 millóns que logramos de Europa; o multiusos de Bastiagueiro, a finalización do paseo da ría, o paseo costeiro entre Naval e Canide, a renovación das redes xerais de auga, as cooperativas de vivendas... serán realidades inmediatas que repercutirán na mellora do benestar e no progreso do municipio. Esa é a nosa maneira de facer política e de construír Oleiros. Reforzados por esa sentenza, que avala unha vez máis a honradez do noso traballo, afrontamos aínda con máis ganas e ilusión o futuro.



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

## O Partido Popular de Oleiros esixe ao alcalde idénticos criterios para a aceptación de viais

Reclama ao Concello que acepte a cesión do tramo do Couto proposta pola Xunta de Galicia.

O Partido Popular de Oleiros denuncia a discriminación arbitraria e, sen argumentos do alcalde Ángel García Seoane na aceptación de viais procedentes doutras administracións.

Mentres o Concello asumiu sen reparos varios tramos da Deputación da Coruña no municipio, que desde ese momento pasan a considerarse urbanos e permiten a concesión de licencias e actua-

cións municipais, rexeita sen xustificación algunha a cesión dun tramo da vía da Xunta de Galicia no Couto.

Este tramo, completamente asfaltado, sinalizado e dotado de medidas de redución e control de velocidade, foi ofrecido pola Xunta de Galicia para a súa conversión en vía urbana, coa fin de que, con esta catalogación, se puidera mellorar a seguridade e o control do tráfico nunha zona con circulación intensa e no exenta de riscos.

Porén, o alcalde decidiu no seu

momento rexeitar a cesión, impedindo así instalar medidas de seguridade adicionais incluso polo propio Concello atendendo ás demandas dos veciños.

A Xunta tiña entre as súas previsións a inversión de máis de 300.000 euros en actuacións previas á entrega, garantindo que o tramo cumprise todas as esixencias técnicas de seguridade propias dunha zona urbana.

Desde o Partido Popular de Oleiros esiximos ao alcalde que abandone a súa política errática e de

bandazos e acepte de inmediato a cesión da vía do Couto, tal e como fixo coas procedentes da Deputación. Non hai ningunha razón técnica nin económica que xustifique esta negativa, que só prexudica aos veciños e mantén un tramo perigoso fóra do ámbito urbano.

O PP de Oleiros reitera o seu compromiso coa seguridade vial e a cooperación institucional, e reclama que prime o interese xeral sobre os criterios políticos ou partidistas.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

## Valoración socialista apoiada en datos: cómpre reflexionar e virar o rumbo

A valoración dun goberno deberíase facer sobre a capacidade de resolver os problemas dos cidadáns. Aquí hai varios que crecen: dificultade de acceso á vivenda, mobilidade, servizos deficientes e mala xestión económica cos nosos cartos.

-En vivenda AVV aproveitou as maiorías absolutas desde 2011 para reducir nun 530% a reserva de chan para vivenda protexida (do 33,86 % ao 6,4%), política antisocial que disparou a ganancia dos promotores, o prezo da vivenda e expulsou a fillos de veciños

de Oleiros. Seoane afirmou no Pleno que as vivendas de prezo taxado que se están a facer "custan 115.000€ máis IVA", isto ou ben é unha mentira consciente ou peor, amosa descoñecemento da realidade, xa que 1.700 veciños se deron de baixa ante os preto de 300.000€ ao engadir IVA e gastos.

-En mobilidade AVV pactou co PP branquear á Xunta paseando pola comarca unha moción para retomar ás obras da Artabra sen poñer prazos nin pedir acceso sen peaxe na conexión coa AP-9, o cal nós esiximos. Dan

licenzas sen parar para macropromocións que aumentarán os atascos que xa sufrimos.

-Subiron todos os impostos e temos peores servizos. Desvían a atención coa recollida de lixo que é obriga do Consorcio, e é deficiente, pero menten e non esixen a limpeza arredor dos contedores, que xunto coa eliminación de escombros ilegais é obriga recollida nos pregos da concesionaria municipal de Limpeza Viaria.

-O Consello de Contas acaba de dicir que AVV supera a contía máxima dos contratos

menores e concéntraos nuns adxudicatarios, un con case 100 contratos "a dedo" que suman 850.000€, o mesmo que constrúe o Multiusos. Escandaloso.

Isto vai moito máis alá da política: trátase de onde van poder vivir os nosos fillos ou onde seguiremos facendo parroquia cos amigos de sempre. Oleiros está converténdose nun lugar cada vez máis difícil para quen o fixo medrar. Aínda estamos a tempo de decidir se queremos un Oleiros cheo de vida.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

## Por unha educación verdadeiramente pública

As cifras de inscrición seguen a indicar que faltan prazas nas escolas infantís de Oleiros, mentres a Xunta de Galiza subvenciona as privadas con diñeiro público. Para o BNG, e hai lustros que o demandamos, é preciso que Concello e Xunta se poñan a traballar

para conseguir unha quinta escola infantil en Nós, nun concello que non deixa de medrar.

Ademais, co comezo de curso vemos que en varios centros de ensino de Oleiros hai problemas de falta de profesorado para atender correctamente o alumnado (concretamente,

nos CEIP Valle Inclán, Juana de Vega e Luís Seoane), tanto no que se refire ás necesidades especiais como ás gardas por diversos motivos, proxectos como a horta, biblioteca... O goberno do PP négase a enviar este profesorado, necesario para unha educación pública de calidade,

e mesmo chegan a suxerir que a comunidade educativa se mobilice para acadar as súas demandas. Por iso, o BNG quere chamar a cidadanía a apoiar esas mobilizacións. Porque a educación é un servizo público fundamental, impórtanos a todas e a todos!

# Editorial

## • Desde Oleiros a pola Gran Coruña!

♦ O gran reto que temos neste século é a creación da Área Metropolitana, unha institución supra-municipal formada polos concellos da comarca para a prestación de servizos públicos conxuntos máis eficientemente; así como coordinar, impulsar e reclamar a creación das infraestruturas xerais necesarias para o progreso social e económico. Non é precisa unha bola de cristal para predecir que os problemas serán cada vez menos locais.

Se botamos á vista atrás, os avances foron moi tímidos. Ante a desidia do Concello da Coruña na dirección da Mancomunidade, desde Oleiros e Culleredo creamos o Consorcio das Mariñas, un primeiro paso, pero que temos que superar xa coa integración da Coruña e Arteixo.

É a cidade, como cabeza indiscutible desta gran metrópole, quen ten a obriga de comandar o proceso e deixar atrás dunha vez aos alcaldes que nunca miraron máis alá dos Castros. Os localismos rancios, os intereses partidistas e as mentalidades obtusas non son máis que freos para a mellora da calidade de vida das persoas.

Só desde unha visión metropolitana, con altura de miras e sensibilidade lograremos resolver os problemas reais da cidadanía, sendo o principal neste momento o da mobilidade. É insultante escoitar discursos sobre sostenibilidade, medio ambiente, uso do coche... é que despois dispoñamos dun transporte público-competencia da Xunta- totalmente desfasado.

Desde a Área Metropolitana si sería posible crear un servizo de buses acorde as necesidades de desprazamentos e non para beneficiar á empresa concesionaria de turno, como sucede agora. Ese transporte paliaría, en parte, o déficit que arrastamos en infraestruturas viarias. Nesta materia existe unha débeda histórica por parte de Estado e Xunta –responsabilidade do desleixo de deputados de todo signo-, que provoca a miles de persoas, día si e día tamén, chegar tarde a traballos, clases, citas médicas,... Ademais do prexuízo económico para as empresas.

Para combatir o cambio climático, ademais dunha mobilidade moito máis áxil, urxe tamén renovar as redes xerais e depósitos de auga para garantir o abastecemento aos concellos, mellorar redes de saneamento e depuración, acadar un tratamento de residuos máis eficiente... E moitas outras posibilidades de cooperación en distintos campos, sen renunciar tampouco á independencia de cada consistorio.

Os cálculos electorais ou as directrices políticas ditadas desde Santiago ou Madrid non poden frear durante máis tempo a constitución da Área Metropolitana da Coruña. Somos a primeira metrópole galega e unha das máis puxantes do Estado. Con altas doses de diálogo é posible o entendemento para crear esa Gran Coruña que continúe na vangarda.



# Casa Carnicero: non hai delito

“A Audiencia absolve ao alcalde e a un funcionario pola demolición das ruínas, pero a Fiscalía recorre a sentenza.”



A Audiencia Provincial da Coruña emitiu recentemente a sentenza do xuízo pola demolición das ruínas de Casa Carnicero absolvendo tanto ao alcalde, Ángel García Seoane, como ao funcionario municipal. O Tribunal resolveu que non existe delito de prevaricación na actuación do Concello, pero a Fiscalía recorreu a sentenza.

A Audiencia considera probado que o incendio de xullo 2020 sobre Casa Carnicero provocou graves danos, quedando en situación de ruína técnica e económica, sendo a demolición a solución factible. A sentenza recolle declaracións do arquitecto nas que afirma que o edificio “non

era salvable” e do perito que dixo que “a rehabilitación era inviable” e que non era posible “desmontar os materiais ou elementos que se conservaban para unha reconstrución”.

Debido ao incendio e aos efectos climáticos dos temporais, no momento no que o Concello procedeu á demolición o edificio non existía xa como tal. Os restos que quedaban “caían como un castelo de naipes”, tal e como declarou un dos técnicos no xuízo.

Tan só quedaban en pé parte das paredes e desapareceran todos os elementos que

motivaran a catalogación do edificio, que ademais non eran recuperables. De feito unha das paredes caera sobre a propia finca 3 días antes da demolición efectuada polo Concello; o que podería ter sucedido días despois sobre a beirarrúa e a N-VI de non ter actuado da forma que se fixo “para evitar mortes”, tal e como declarou o alcalde.

Arquitectos, técnicos e xuristas avalaron ante o tribunal a correcta actuación do Concello, en defensa da seguridade cidadá. Os restos de Casa Carnicero atopábanse a 80 cm da N-VI.

## UNHA OPERACIÓN POLÍTICA

Aínda que non existía ilegalidade, todos os partidos da oposición en Oleiros levaban 5 anos intoxicando a opinión pública con continuas insinuacións para desprestixiar ao alcalde, para o que a Fiscalía pedía unha inhabilitación para exercer cargo público. PP, PSOE e BNG alentaban

a esperanza infundada de que o alcalde sería eliminado da política: o obxectivo real que había detrás desta manobra.

Con esta operación PP, PSOE e BNG deixaron patente o seu talante antidemocrático ao pretender utilizar os tribunais para pisar a vontade do pobo de Oleiros expresada nas urnas. Tamén quedou retratada

a mesquindade humana dos representantes da oposición ao implicar no asunto a un funcionario municipal exemplar, ao que cuestionaron publicamente en diversas ocasións, sen importarlles os graves danos persoais e familiares que iso supuxo para unha persoa que non está na política nin na esfera pública.

## TODOS CONTRA O ALCALDE

Aínda que todos subiron ao carro da infamia, foi o BNG o impulsor inicial deste proceso, trala denuncia dos feitos por parte da deputada Mercedes Queixas ante o Parlamento de Galicia. O Goberno da Xunta, naquel momento baixo a presidencia de Alberto Núñez Feijóo, remitiu a documentación á Fiscalía para que abrise o procedemento xudicial e posterior xuízo.

PP, PSOE e BNG nunca se lembraron de Casa Carnicero ata os acontecementos do 2020.



■ Os voceiros de BNG, PSOE, PP e Ciudadanos en xaneiro de 2021, posando xuntos no inicio da farsa

# O Goberno municipal logra 6,5 millóns de Europa para 5 importantes proxectos



## SANTA CRISTINA

Transformar a liña litoral de Santa Cristina e a avenida das Américas é unha parte importante dese proxecto, que cobra maior significado tras a recente obra da avenida de Santa Cristina. O proxecto tamén incluírá as rúas Mendel e López Seoane.



## CASTELO

En Santa Cruz as melloras notaranse na eficiencia enerxética do Castelo coa substitución das antigas xanelas e outras melloras para a conservación desta propiedade do Concello. Tamén se realizarán cambios na área infantil do parque Luis Seoane e se renovará a cuberta da pista polideportiva de Meixonfrío.



## BIBLIOTECA RIALEDA

Abordaranse distintas obras de rehabilitación da biblioteca central do Concello co cambio das xanelas, impermeabilización e renovación da cuberta. Tamén se mellorarán os espectaculares xardíns que rodean a edificación.

Unha importante inxección económica servirá para impulsar distintas obras de transformación urbana que en conxunto acadan case 11 millóns de euros grazas á concesión dos fondos solicitados a Europa no marco da Estratexia de Desenvolvemento Integrado Local (EDIL). Deles, o Concello recibirá de Europa o 60%, algo máis de 6,5 millóns. Máis que unha lotería, esta financiación extra responde ao esforzo de planificación e á visión proxectada polo Goberno municipal para a mellora do territorio, unha mirada de amplos horizontes apoiada nunha sólida xestión das políticas públicas en beneficio da cidadanía, xa que con algo máis de 4 millóns de euros conséguense melloras por case 11.



## MERCADO MUNICIPAL

A restauración da zona de Cavamontes e o seu principal equipamento, o Mercado Municipal, forman parte deste paquete de obras. Esta mellora inclúe a reurbanización de diversas rúas como Namibia, Zaire, Etiopía, Somalia, así como o Parque Nelson Mandela e o parque da II República.



## EDIFICIO MULTIUSOS

Ademais dunha subvención de 400.000 euros da Deputación para a adquisición de gradas retráctiles para incrementar a capacidade do recinto, con cargo a estes fondos europeos realizárase a urbanización de toda a contorna do edificio e se adquirirá o equipamento e mobiliario necesario para a súa posta en funcionamento.

“ Estes fondos suporán un importante aforro para as arcas públicas, o que permitirá realizar máis obras e servizos dos previstos en distintas zonas do municipio.

# Recoñecemento estatal

“ **Ciudades que caminan**, entidade de referencia en España e Portugal en transformación urbana e mobilidade, outorga o seu premio anual ao Paseo fluvial de Iñás-Nós



■ O alcalde, Ángel García Seoane, recibiu en La Línea de la Concepción (Cádiz) o premio.

“ O xurado, formado por prestixiosos e recoñecidos arquitectos e enxeñeiros, referiuse ao paseo como un modelo senlleiro, exemplo estimulante para outros municipios, no que destaca a aposta pola mobilidade natural, a calidade e a imaxe amable e cálida que sen ser invasiva realza a paisaxe.



O paseo fluvial non é só un simple itinerario peonil de máis de 4 km cheo de engados. É unha aposta pola mobilidade natural en paralelo á Nacional VI, para garantir a seguridade ás persoas que se desprazan entre os distintos núcleos e urbanizacións de Nós e Iñás, ou, a través dalgunhas rúas do Graxal e O Lameiro, para alcanzar a senda desde o paseo do litoral interior da ría. Iso valeulle o Premio Ciudades que Caminan, que logrou na súa edición de 2025 por ser “un modelo senlleiro de desenvolvemento territorial, cunha aposta pola mobilidade natural que pode tomarse como exemplo estimulante para municipios de poboamento disperso. Tamén se valorou positivamente a calidade das solucións construtivas adoptadas, ofrecendo unha imaxe amable e cálida, que, sen ser invasiva, realza a paisaxe”. O premio foi outorgado na categoría de cidades medianas.

# Contratada a obra para conectar os paseos da ría de Oleiros e Cambre

“O Ministerio para a Transición Ecolóxica comunicou a contratación das obras de construción do paseo da ría na zona do Seixo, para conectar así os paseos de Oleiros coa zona do Graxal, en Cambre. A obra ten un custo de 1,8 millóns e un prazo de execución de 9 meses.



Esta obra é o resultado dunha ardua xestión política do Goberno municipal, iniciada tras a finalización das obras de dragado da ría. Foron necesarias distintas reunións con funcionarios e políticos do Ministerio, constantes denuncias públicas, pechar os accesos ao novo tramo.... para finalmente acabar desbloqueando a situación e que se aceptasen as peticións do Concello de Oleiros.

## O PARAÍSO

O outro tramo de paseo pendente na ría, entre Beiramar e O Paraíso, tamén será adjudicado antes de final de ano e terá un custo de 556.058 euros. Neste punto son 200 metros, cos que se posibilitará circunvalar toda a ría a pé ou en bicicleta de Oleiros ata A Coruña, pasando por Cambre e Culleredo.



Con estas obras conectarase o Paseo da ría con Cambre e Culleredo; e daráselle tamén continuidade ás sendas e paseos costeiros creados e abertos polo Concello por todo o litoral de Oleiros, transitable desde Lorbé ata Perillo. Proximamente veranse incrementados co tramo do litoral de Dorneda entre Naval e Canide.

# En marcha a renovación da tubería xeral de auga de Montrove e Nós

Está a instalarse unha nova rede xeral de auga na avenida Rosalía de Castro, para servizo das localidades de Montrove e Oleiros. Durante a execución destas obras será preciso realizar cortes de tráfico puntuais, que serán debidamente sinalizados, pero que provocarán algunhas inevitables molestias.

Tamén comezaron as obras das tuberías da avenida Salvador Allende, en Nós. Esta obra, xunto coa de Montrove, suma un investimento total duns 900.000 euros.

Ademais desta dúas importantes obras, o Concello tamén vai contratar proximamente os tramos de tubería xeral pendentes de renovación entre o depósito A Pezoca-Quinta Canaima e depósito da Edreira-rúa Pazo.



## PROGRAMADOS OUTROS 5 MILLÓNS PARA ESTE ANO

A través da empresa municipal de augas AquaOleiros, realizarase un investimento de 5 millóns de euros para as obras de renovación das tuberías de fibrocemento pendentes na avenida das Mariñas así como os tramos das de PVC de maior antigüidade, neste momento nas parroquias de Dorneda, Maianca e Serantes.

O Concello de Oleiros conta cunha ampla rede de abastecemento de auga dotada de 432 km e dotada con 11 depósitos, que se atopan en constante proceso de mellora, destinando todos os anos importantes recursos económicos á súa renovación. Nas obras das tuberías vanse priorizando aqueles tramos nos que se producen máis roturas, normalmente os de maior antigüidade.

# Obras gratuítas de illamento acústico nas vivendas afectadas pola servidume acústica de Alvedro

“ Punto de información e asesoramento na Casa do Concello



Tras as alegacións e demandas presentadas polo Concello ante a ampliación da servidume acústica do aeroporto de Alvedro, os veciños e veciñas afectados, principalmente de Montrove, recibiron nos seus domicilios unha comunicación de AENA para facerse cargo das obras de illamento acústico. As persoas que o soliciten, recibirán un técnico no seu domicilio que fará medicións e decidirá que actuacións corresponden.

Todo o proceso é totalmente gratuíto para as persoas afectadas. Como norma xeral está previsto actuar en dormitorios e salóns, pero en función de cada caso poderían incluír algunha outra estancia.

Todos os veciños e veciñas que reciban a carta no seu domicilio deben realizar a solicitude para poder optar a estas obras de illamento gratuítas. Se necesitan asesoramento poden dirixirse ao Concello para informarse e presentar a documentación pertinente.

## O TSXG dá a razón ao Concello na denuncia contra a planta de residuos no porto de Oza


A sección 2 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia emitiu unha sentenza na que reconece que o Concello de Oleiros si está lexitimado para impugnar a autorización outorgada pola Xunta á planta de tratamento de aceites e hidrocarburos no Porto de Oza. Agora a Consellería de Medio Ambiente terá que resolver o recurso interposto polo Concello, que inicialmente fora inadmitido.

O Concello demandaba que se anulase a autorización ambiental integrada outorgada a LIMPOIL, por ser contraria a dereito, alegando que a localización inadecuada (en plena ría, próxima a praias e zonas de interese ambiental e pesqueiro); carece de protocolos de seguridade, medidas preventivas e xestión de augas residuais; e falta de rigor na análise dos efectos socioeconómicos e ambientais. Con esta setanza

xudicial ordénase á administración autonómica a que se pronuncie expresamente sobre o fondo destas alegacións.

Esta mesma empresa xa fora denunciada no 2002 ante os tribunais polo Concello de Oleiros porque os vertidos que recollía nas augas do porto (restos de aceite, combustibles,...) eran derramados posteriormente nunha nave situada en Icária, a través da rede de sumidoiros municipal.

As características desta planta son totalmente incompatibles coa actividade pesqueira que hai no porto de Oza. Xa no seu día, o informe da Consellería de Medio Ambiente recollía o impacto desta planta nunha contorna especialmente sensible. Este peirao non é un polígono industrial e atópase a carón das praias de Oza e Santa Cristina e nas proximidades da ría do Burgo.



“ Despois de décadas de loita por unha ría saneada, xeradora de riqueza a través de actividades de lecer, da pesca e do marisqueo; a cidadanía da comarca non debe sufrir a presenza dunha planta ilegal contaminante.

## O Concello inviste 167.040 euros na mellora de máis beirarrúas de Icaria



Nos próximos días está prevista a finalización das obras de renovación de beirarrúas na rúa Ícaro, continuando así coas xa realizadas o pasado ano nas rúas Pegaso e Sendeiro. O proxecto permite mellorar a seguridade e accesibilidade peonil nesta zona de Montrove, na que existe unha importante actividade empresarial.

## Reurbanización completa da rúa Álamos



Avanzan a bo ritmo as obras de remodelación da rúa Álamos, na zona de Perillo, entre a N-VI e o paseo da ría. Consistirán na renovación e construción de beirarrúas, asfaltado da calzada e canalizacións. Teñen un custo de 224.709 euros.

As obras provocarán incidencias e molestias na circulación nas rúas Álamos, Sauces e O Paraíso.

## Próximo inicio das beirarrúas en Bartolomé de las Casas



O Concello contratará nos próximos días as obras de construción de beirarrúas e ampliación da calzada na rúa Bartolomé de las Casas, en Nós. Neste primeira fase abordarase o tramo entre a rotonda da Seara e a rúa da Onca, cun investimento de 992.000 euros.

O pasado ano o Goberno municipal celebrou unha asemblea informativa cos veciños e veciñas desta rúa para informar do proxecto de construción de beirarrúas e explicar a necesidade da colaboración veciñal mediante a cesión de solo para poder facer a obra. Ante a boa disposición do conxunto dos veciños e veciñas, que igual que noutras localidades entregan gratuitamente o terreo preciso, procedeuse á contratación desta obra.

A segunda fase, entre a rúa da Onca e a rúa Armental abordarase con cargo ao próximo exercicio, completando así os 1,5 km da rúa.

## En construción o aparcamento para o Monumento Natural



Nos próximos días quedará aberto o aparcadoiro creado en Canabal, nunha das entradas principais ao Monumento Natural. Con capacidade para 85 vehículos, o investimento realizado foi de 194.253 euros.

## O Concello volve reclamar as obras para actuar ante os desprendementos no Xunqueiro

Despois de que durante 5 anos a Dirección Xeral de Costas do Estado se negase a atender as continuas reclamacións do Concello para arranxar o desprendemento do Xunqueiro, en Mera, agora será a Xunta quen deberá acometer a obra tras o recente cambio de competencias. Existe un grave perigo de derrubamento da rúa Gaivota ante o que urxe actuar por parte da administración autonómica para asegurar o noiro que continúa a desprenderse sobre a cala.

O Concello ten denunciada a situación na Fiscalía desde 2020. As leis establecen que os concellos non teñen competencias para poder actuar na costa.

# O proxecto da Vía Ártabra a exposición pública este ano

“ O PSOE e o BNG en contra da conexión coa AP-9



Tras numerosas demandas por parte do Concello de Oleiros, o proxecto para conectar a vía Ártabra coa AP-9 sairá a exposición pública proximamente. Finalizado ese trámite será posible que a Xunta contrate a obra no ano 2026.

O pasado mes de xuño, a proposta do Goberno municipal de Alternativa dos Veciños, o pleno do Concello de Oleiros acordou reclamar á Xunta de Galicia a realización con urxencia de todos os trámites necesarios de forma correcta para a contratación da obra da vía Ártabra entre Iñás e A Gándara para a súa conexión coa AP-9. O PSOE e o BNG votaron en contra.

Tamén se aprobou reclamar á Xunta de Galicia o inicio da redacción do proxecto para continuar a vía Ártabra ata a A-6, unha vez se aprobe o proxecto de conexión coa AP-9.

## A Xunta di NON á mellora do transporte público

Prima o beneficio das concesionarias sobre os intereses veciñais

Nunha reunión sobre o transporte público na comarca da Coruña entre a Xunta de Galicia e os concellos, a Directora Xeral de Mobilidade comunicou que non atenderá ningunha das demandadas realizadas polo Concello de Oleiros para a mellora do servizo.

|                                                                            |     |   |
|----------------------------------------------------------------------------|-----|---|
| ● Prolongar a liña Entrexardíns-O Seixal ata a Igrexa de San Pedro         | NON | × |
| ● Crear nova liña con destino Abeleiras-Xaz, en Dorneda                    | NON | × |
| ● Crear un bus desde Perillo aos campus universitarios                     | NON | × |
| ● Entrada en Santa Cristina do 1-A da Coruña                               | NON | × |
| ● Máis frecuencias na liña Lorbé, Dexo, Mera, Dorneda, Santa Cruz, Perillo | NON | × |
| ● Incrementar frecuencias liña Perillo, Montrove, Oleiros                  | NON | × |



O Concello reclamou tamén un estudo rigoroso para a creación de novas liñas entre os principais núcleos de poboación e os polígonos da comarca, centros médicos e as principais localidades doutros municipios, así como que o sistema responda con maior axilidade ás necesidades estacionais, comerciais e de ocio para adaptarse mellor ás demandas veciñais.

“ O Goberno municipal volveu solicitar unha nova reunión para desbloquear a situación. De non producirse cambios, iniciárase unha campaña ata lograr cambios substanciais neste importante servizo público, competencia exclusiva da Xunta de Galicia nos municipios como Oleiros con menos de 50.000 habitantes.

# O embaixador de Palestina agradece a humanidade e o compromiso político da cidadanía co seu pobo

**“ O embaixador de Palestina en España, Husni Abdel Wahed, visitou o Concello de Oleiros. Primeiramente, foi recibido na Casa do Concello polo alcalde, e tras visitar distintos lugares do municipio especialmente significativos para o seu país, participou nun acto público multitudinario celebrado na Fábrica.**



Un pouco antes do mediodía, o máximo representante palestino en España foi recibido oficialmente na Casa do Concello polo alcalde, Ángel García Seoane. Tras intercambiar impresións sobre distintos asuntos de actualidade, asinou no Libro de Honra do Concello.

Xa pola tarde, visitou lugares do concello con especial significación para o seu país, como a rúa Yaser Arafat recentemente inaugurada en Santa Cruz ou o conxunto de rúas de Canide con nomes palestinos, como Gaza, Palestina, Cisjordania, Yinin,... presididos pola praza de Belén.

A comitiva, da que tamén formou parte o presidente honorífico da Fundación Araguaney Puente de Culturas Ghaleb Jaber Ibrahim, finalizou a xornada inaugurando o ciclo de cine euroárabe Amal por Palestina. Antes das proxeccións desenvolveuse un faladoiro no que o embaixador agradeceu a todo o pobo español a súa solidariedade e apoio, destacando especialmente a Oleiros. “Me habían hablado mucho de Oleiros y de todo lo que habían hecho y esta visita a superado todas mis expectativas”, dixo.

Husni Abdel Wahed alertou que “están negociando como repartirse Gaza para convertirla en un resort... y si esto sucede allí, puede suceder después en cualquier otro lugar del mundo”. Tamén comentou que “nadie puede sentirse lejano ni ajeno a lo que le sucede al pueblo palestino” e explicou que “el humanismo parcial o selectivo no existe”. “Se es humano o no se es humano, y yo confío en la humanidad y confío en la defensa de los valores de justicia, libertad y vida”, concluiu.

Pola súa parte o alcalde expresou o máis profundo sentimento de solidariedade e rabia polo que está acontecendo á vista de todo o mundo e sen que ninguén sexan quen de frear os grandes apoios que recibe a política sionista do exterminio.

## Dignifícase a memoria de Francisco Miguel, o relevante artista que o fascismo eliminou e silenciou

O alcalde de Oleiros, xunto cos seus homólogos de Carballo e da Coruña, presidiu o acto protocolario do máximo nivel no Concello da Coruña e no cemiterio de Santo Amaro que serviu para homenaxear o pintor Francisco Miguel e enterrar con dignidade os seus restos, rescatados dunha foxa común no camposanto de Bértola (Carballo), onde foi asasinado polos falanxistas en 1936. Posteriormente, nas Torres de Santa Cruz, a Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica, en colaboración co Concello, organizaron unha charla divulgativa sobre o artista na que participaron os investigadores Jorge Calle e David Lozano, Regina de Miguel -bisneta do pintor-, Carmen Rodeja da ARMH e o alcalde.



# A EDUCACIÓN, prioridade 1

“A infancia, xunto coas persoas maiores, son o eixo central sobre o que xira a política do Concello

Aínda que o ensino é unha competencia autonómica e ao Concello só lle corresponde os mantementos menores, a Xunta rara vez asume as súas obrigas coa axilidade que se require. Para garantir o benestar dos nenos e nenas, por parte do Concello execútanse continuamente distintas obras a petición das direccións ou das ANPA.

**Durante os últimos anos fóronse realizando importantes obras de mellora en todos os colexios e nas escolas infantís, na que se investiron 1,1 millóns.**

## COLEXIO PARGA PONDAL



Renovación da pista polideportiva e cambio de pavimento das aulas de infantil: **68.862 €**

## COLEXIO RABADEIRA



Remodelación do patio e novas zonas verdes: **93.673 €**

## COLEXIO JUANA DE VEGA



Cuberta para o patio de primaria: **52.611 €**

## ESCOLA A PARDELA



Remodelación integral exterior e interior: **525.700 €**

## COLEXIO LUIS SEOANE



Renovación pistas polideportivas: **41.012 €**

## ESCOLA AS GALERAS



Cambio de pavimentos interiores: **93.000 €**

## COLEXIO VALLE INCLÁN



Novo parque infantil e pistas de xogo: **254.525 €**

## ESCOLA A BRAÑA



Substitución de fiestras: **45.000 €**

## Un modelo urbano de presente e futuro



■ Colexio Juana de Vega

A planificación urbanística do Goberno municipal priorizou a reserva de grandes superficies para dispoñer do solo necesario para crear centros de ensino con amplos edificios e grandes zonas de patio e recreo, así como con pavillóns deportivos adxacentes. Esa xestión do territorio fixo posible a posta a disposición da Xunta do solo necesario para a creación dos distintos colexios, institutos e escolas, existindo ademais neste momento reservas de parcelas en caso de necesidades futuras de construción de novos centros.

### VALORES

Máis alá da creación e conservación de infraestruturas, o Concello tamén inviste máis de medio millón de euros en programas complementarios e numerosas actividades –unidades didácticas, obradoiros, excursións, horta escolares, programas educativos,...- para o alumnado dos centros de ensino público, desde infantil ata bacharelato. A educación é un concepto moito máis amplo que o que recollen os plans regrados. Sendo importantes, tamén o son outras materias que o sistema escolar non contempla como obrigatorias, pero que o Goberno municipal considera de relevancia máxima.

Ademais, o Concello subvenciona anualmente a ANPAS e centros de ensino para promover todo tipo de actividades educativas e lúdicas nos centros. En concreto para este 2025 destínanse 153.963 euros.

## O Concello apoia as demandas das ANPA ante a falta de profesorado

Ante a situación de falta de profesorado nos colexios Valle Inclán e Juana de Vega, as ANPA destes centros realizaron distintas protestas para denunciar os feitos. A situación que se denuncia é falta de profesorado para cubrir as gardas e de persoal de apoio, ata o punto que en ocasións un profesor ten que facerse cargo de dúas aulas.

É especialmente preocupante a carencia de profesorado de apoio, un dereito básico dos nenos e nenas. Non se trata de mestres calquera, senón daqueles que dan apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais, mestres que ademais permiten que o conxunto do profesorado poida traballar axeitadamente.



# Documental sobre o Parque Rosalía Mera



“ Máis de 200 persoas asistiron á estrea de “Con outra ollada”, unha peza audiovisual creada pola productora Marma que pon en valor o espazo natural que abrangue o Parque Rosalía Mera, na parroquia de Dorneda.

Este espazo verde singular, consolidado como referente de deseño sostible e respecto pola biodiversidade foi o protagonista e escenario da proxección que tivo lugar ao aire libre, reforzando así a mensaxe do filme: a integración da natureza na vida cotiá da cidadanía de forma respectuosa, transformadora e inclusiva.

O documental amosa o proceso de creación do parque a través de imaxes e entrevistas coa veciñanza, especialistas e membros do equipo técnico, amosando

como naceu o proxecto dende unha perspectiva colaborativa, social e ambiental. O Parque Rosalía Mera destaca pola súa configuración flexible e multifuncional, de lecer, descanso e encontro adaptadas a diferentes idades e necesidades; ademais redefine o concepto de espazo público urbano e promove unha nova ollada sobre a relación entre urbanismo e natureza.

Dado o carácter educativo do documental, será distribuído próximamente en centros de ensino, universidades e entidades medioambientais.

## Numerosos veciños e veciñas participan no acto de recoñecemento a Manuel Fernández Siso



O nome de Manuel Fernández Siso presidirá de forma permanente o entorno da Casa do pobo de Dexo en recoñecemento á súa destacada contribución ao progreso de Oleiros e especialmente ao da localidade de Dexo. Numerosos veciños e veciñas acompañárono no acto no que se descubriu unha placa que leva o seu nome.

Concelleiro entre os anos 1979 e 2007, a súa xestión foi clave, entre outras cousas, para que o Concello adquirise á Igrexa os terreos, hoxe municipais, nos que se asenta a Casa do pobo, a polideportiva, o aparcamento, o parque infantil...

## Igor Pérez, novo concelleiro



No pleno municipal tomou posesión un novo concelleiro, en substitución de Jaime Rumbo, que deixou o cargo por problemas de saúde. Igor Pérez é o novo concelleiro de Servizos Municipais. Ocupaba o número 15 da lista de Alternativa dos Veciños que conquistou o Goberno municipal grazas ao apoio popular traducido en maioría absoluta.

Pérez, de 62 anos, destaca pola súa enorme capacidade de traballo e forte raigame en ambientes artísticos, pois participa en numerosas iniciativas creativas. É moi coñecido nos círculos musicais do municipio, ademais de ter unha destacada traxectoria no movemento veciñal.

# A bailar!

“ De forma rotatoria e alterna, o Concello organizará bailes para persoas maiores os sábados nas Casas do pobo



Para ampliar as posibilidades de entretemento e diversión, o Concello pon en marcha esta iniciativa para fomentar a convivencia e combater a soidade. Estas actividades son abertas e gratuítas a toda a cidadanía, sen necesidade de ningún tipo de inscrición previa. O repertorio, será variado e adaptado ás persoas asistentes, mesturando clásicos do baile popular con melodías actuais.

### PRÓXIMOS BAILES

**MONTROVE:** Casa do pobo  
sábado 25 de outubro de 17 a 20 horas

**NÓS:** Casa do pobo  
sábado 8 de novembro de 17 a 20 horas

**LORBÉ:** Casa do pobo  
sábado 22 de novembro de 17 a 20 horas

**IÑÁS:** Casa do pobo  
sábado 8 de decembro de 17 a 20 horas

*Durante o 2026 continuarase realizando esta actividade nas distintas localidades.*

## Programa municipal de envellecemento activo

No mes de setembro retomáronse as distintas actividades de ximnasia, ioga e relaxación e taller de memoria para veciños e veciñas maiores de 65 anos organizadas polo Concello. Aquelas persoas interesadas en incorporarse poden apuntarse ata o día 28 de outubro chamando polas tardes ao teléfono 981610000, de 16 a 19 horas. Tamén é posible apuntarse a través da web [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org).

### PRAZAS DISPOÑIBLES

| IOGA                       |          |       |
|----------------------------|----------|-------|
| DORNEDA, CASA DO POBO      | LUNS     | 17:30 |
| MERA, CASA DO POBO         | MARTES   | 17:00 |
| NOS, CASA DO POBO          | VENRES   | 11:00 |
| NOS, CASA DO POBO          | MÉRCORES | 15:50 |
| NOS, CASA DO POBO          | MÉRCORES | 17:00 |
| OLEIROS, CASA DA REPÚBLICA | MARTES   | 11:15 |
| PERILLO, CASA DA CULTURA   | MÉRCORES | 11:30 |
| PERILLO, CASA DA CULTURA   | VENRES   | 16:20 |
| PERILLO, CASA DA CULTURA   | VENRES   | 11:00 |
| SANTA CRUZ, CENTRO CÍVICO  | LUNS     | 12:00 |
| SANTA CRUZ, CENTRO CÍVICO  | XOVES    | 16:15 |
| SANTA CRUZ, CENTRO CÍVICO  | LUNS     | 11:00 |
| MEMORIA                    |          |       |
| IÑÁS, CASA DO POBO         | MARTES   | 17:00 |
| NÓS, CASA DO POBO          | VENRES   | 16:00 |
| PERILLO, CASA DA CULTURA   | MÉRCORES | 9:30  |
| PERILLO, CASA DA CULTURA   | MÉRCORES | 11:10 |
| SANTA CRUZ, CENTRO CÍVICO  | XOVES    | 11:10 |
| SANTA CRUZ, CENTRO CÍVICO  | VENRES   | 11:35 |

| XIMNASIA                   |                   |       |
|----------------------------|-------------------|-------|
| IÑÁS, CASA DO POBO         | MARTES E XOVES    | 16:00 |
| DORNEDA, CASA DO POBO      | MARTES E XOVES    | 16:15 |
| LORBÉ, CASA DO POBO        | LUNS E VENRES     | 17:15 |
| MERA, CASA DO POBO         | LUNS E VENRES     | 16:00 |
| MERA, CASA DO POBO         | LUNS E VENRES     | 17:30 |
| MONTROVE, CENTRO SOCIAL    | MARTES E XOVES    | 17:00 |
| NOS, CASA DO POBO          | MARTES E XOVES    | 17:30 |
| OLEIROS, CASA DA REPÚBLICA | MÉRCORES E VENRES | 16:00 |
| PERILLO, CASA DA CULTURA   | MARTES E XOVES    | 16:00 |
| PERILLO, CASA DA CULTURA   | MARTES E XOVES    | 17:00 |
| PERILLO, CASA DA CULTURA   | LUNS E VENRES     | 17:30 |
| PERILLO, CASA DA CULTURA   | MARTES E XOVES    | 12:00 |
| SANTA CRUZ, CENTRO CÍVICO  | LUNS E VENRES     | 16:15 |
| SANTA CRUZ, CENTRO CÍVICO  | MARTES E MÉRCORES | 12:10 |
| SANTA CRUZ, CENTRO CÍVICO  | MARTES E XOVES    | 17:30 |
| SANTA CRUZ, CENTRO CÍVICO  | LUNS E VENRES     | 17:30 |

“ En caso de existir máis demanda, crearíanse novos grupos

# Imbatibles!

“Ademais de numerosos títulos estatais e autonómicos, este verán foi extraordinario con destacados éxitos e vitorias en campionatos do mundo e Europa.



■ Triatlón  
**HUGO SOUTO**,  
subcampión do mundo




■ Natación  
**ALMUDENA QUEREDA**,  
subcampioa da Copa  
do Mundo




■ Rugby  
**MÓNICA CASTELO**,  
Mundial de Rugby  
de Inglaterra



■ Patinaxe artística  
**LUCAS YÁÑEZ**,  
campión de Europa



■ Patinaxe de velocidade  
**MANU TAIBO**,  
subcampión de Europa.




■ Patinaxe de velocidade  
**RAÚL COUTO**, bronce no  
Campionato de Europa




■ Remo  
**ÁLVARO ALVEDRO**, 5º no  
Campionato de Europa



■ Patinaxe artística  
**OLIVIA REY**,  
campioa de España



■ Ximnasia  
**ERIK CORTÁZAR**,  
campión de España




■ Natación  
**SARA CARREIRA**,  
campioa de España



■ Atletismo  
**HUGO ZULUAGA**,  
campión de España



■ Remo  
**JAVIER GARCÍA**,  
subcampión de España



■ Ximnasia  
**CANDELA MARTÍNEZ**,  
subcampioa de España




■ Tenis  
**PAULA GARCÍA**,  
subcampioa de España



■ Remo  
**JAVIER GARCÍA**, bronce  
no Campionato de España




■ Atletismo  
**LAURA RÍOS**,  
campioa galega



■ Esgrima  
**GABRIEL ORRO**,  
campión galego




■ Marcha nórdica  
**J. MANUEL IGLESIAS**,  
campión galego



■ Remo  
**DAVID BARREIRO**,  
campión da Liga Galega B



■ Triatlón  
**ANNE PORTO**,  
campioa galega



■ Remo  
**DANIELA MÉNDEZ**, bronce  
no Campionato galego



■ Remo  
**NOA BENÍTEZ**, bronce  
no Campionato galego



■ Esgrima  
**ADRIÁN VIDAL**, bronce  
no Campionato galego



■ Orientación  
**ANXO SOMOZA**,  
campión de España



■ Orientación  
**JANA ALBARRÁN**,  
campioa de España

## Ximnasia Oleiros, subcampioas de España

O equipo senior do club Ximnasia Oleiros proclamouse subcampión de España de ximnasia estética. Nin unha inoportuna lesión na fase preliminar impediu que as extraordinarias ximnastas oleirenses demostrasen sobre o tapiz a súa calidade. Coa coreografía Negra Sombra completaron unha actuación estelar que acabou por ser mercedora da medalla de prata.



## O Hockey Oleiros na OK Liga Bronze



O extraordinario progreso do Club Hockey Oleiros dá estes días un novo paso importante coa estrea do equipo absoluto na terceira categoría do hóckey sobre patíns en España. Un grande salto en todos os aspectos para este club que acaba de celebrar os seus primeiros 10 anos de historia. Actualmente a entidade conta con 230 xogadores e xogadoras distribuídos en 24 equipos.

## O Balonmán Atlántico na máxima categoría autonómica



O Concello de Oleiros está representado esta tempada na 1ª autonómica polo club Balonmán Atlántico, que acadou de forma brillante o ascenso o pasado verán. Os nenos que formaron no 2017 o equipo alevín no primeiro ano de existencia do club son, maioritariamente, os que conseguiron este triunfo e que aspiran neste curso a ascender á Liga Nacional, a terceira categoría a nivel estatal. Esta entidade realiza un importante traballo de canteira e promoción do deporte e conta con máis de 170 licenzas e 9 equipos.

## Atlético San Pedro e Marino, campións do trofeo municipal de fútbol

Cunha elevada afluencia de público, o campo deportivo municipal A Marola albergou as finais do Trofeo Concello de Oleiros que enfrontaron a Atlético San Pedro e Unión Campestre de Montrove en categoría feminina e a Marino de Mera e Santa Cruz en masculina.



O San Pedro venceu ao Montrove por 1-0, con gol de Miranda Suárez. No outro partido, o Marino derrotou ao Santa Cruz por 3-2, con tantos de Mario, Flavio e Saúl para o Marino e Martín e Iván para o Santa Cruz.

Nas dúas categorías desta competición participaron un total de 15 equipos. O Concello repartiu entre todos os clubs 16.050 euros en premios.

## Obras de mellora no Pavillón Arsenio Iglesias

“ O Concello vai investir 296.650 euros para realizar unha profunda reforma no Pavillón polideportivo de Santa Cruz. Renovarase por completo o pavimento e o tellado.



O chan do pavillón, tal e como reclamaban diversos clubs, terá un pavimento máis axeitado para a práctica deportiva. Igualmente cambiarase a cuberta para evitar posibles filtracións de auga.

## Adquisición dun local para o Club de Regatas Perillo



O Concello vai destinar 62.000 euros á compra dun local para o club de remo de Perillo. Situado na avenida das Américas, e contiguo ás actuais instalacións do club, permitirá incrementar espazos para adestramentos en terra e almacenaxe de embarcacións.

O Club de Regatas é unha entidade deportiva dedicada á práctica do remo cunha historia repleta de grandes éxitos. Neste momento continúa a realizar un extraordinario traballo de canteira, ademais de competir nas categorías absolutas, tanto masculina como feminina, e precisan de máis espazos para continuar coa importante labor que realizan en beneficio da práctica deportiva e da convivencia.

## Últimas vacantes para a Escola Municipal de Golf

Quedan dispoñibles as últimas prazas para apuntarse este curso á Escola Municipal de Golf, para rapaces e rapazas de Oleiros nados entre 2008 e 2015. O Concello aporta todo o material necesario para a actividade, que ten un custo mensual de entre 8 e 17 euros, en función do número de sesións semanais.

As inscricións poden realizarse a través da Sede Electrónica do Concello ou persoalmente na Fábrica, en Perillo.



### Cursos de natación para todos os nenos e nenas

Un ano máis, o Concello ten en marcha o programa municipal de actividade acuática escolar nas piscinas da Fábrica, Oleiros e Dorneda. Participan nas clases máis de 500 nenos e nenas.

### Xovenforma, deporte para a mocidade

Ante as limitacións da mocidade para acceder á práctica regular de actividade física organizada fóra do eido competitivo, o Concello oferta cardio, zumba, body box, acondicionamento físico, cross gym e gap para rapaces e rapazas de entre 12 e 17 anos. As persoas interesadas en participar poden dirixirse á Fábrica, a calquera dos complexos deportivos municipais, ao teléfono 981 610 000 ou ao correo deportes@oleiros.org.

### Móveté+, actividade física para pacientes oncolóxicos

Aquelas mulleres que superasen ou se atopen inmersas nun proceso oncolóxico poden participar no programa Móveté+. Trátase da realización de actividade física en grupo adaptada, todos os venres en Oleiros. Para acceder ao programa é necesario contactar con Servizos Sociais e Igualdade no correo igualdade@oleiros.org ou chamando ao 981 610 000.

## O Concello oferta clases apoio para alumnado de primaria e secundaria

O Concello ten en marcha o programa de reforzo escolar **PRAEMO**, dirixido ao alumnado dos centros de ensino público de Oleiros. O obxectivo principal desta acción é previr o fracaso escolar entre os escolares e garantir a igualdade de oportunidades para todo o alumnado. As clases xa están en marcha e desenvólvense na Casa da Cultura de Perillo, na casa do pobo de Nós, no Local Social da Lagoa de Mera e no Centro Cívico de Santa Cruz. As familias interesadas poden dirixirse ao Servizo Municipal de Ensino situado na Fábrica, en Perillo, ou chamar ao 981 610 000.

## Os puntos violetas atenderon a 1.289 persoas nas festas



O Concello, en colaboración coas comisións de festas, instalou puntos violetas en todas as festas que se celebraron no municipio entre abril e setembro. Das 1.289 persoas atendidas, a metade foron menores de 18 anos. Realizáronse 5 atencións específicas, 2 delas por violencia sexual.

Os Puntos Violeta forman parte das políticas do Concello de Oleiros de prevención e loita contra as violencias sexuais, LGTBfóbicas e demais violencias machistas. Son puntos de atención a vítimas de agresión sexual, LGTBfóbica e calquera outro tipo de agresión machista que contan cun equipo de expertas profesionais na materia e ofrecen acompañamento psicolóxico. Ademais, dan información sobre os recursos municipais na materia e realizan sensibilización.


## Novos cursos de formación para persoas desempregadas

O Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo ten previsto impartir 3 novos cursos para persoas desempregadas a partir do próximo mes de novembro: cociña, atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería. As persoas interesadas deben dirixirse ás instalacións que o Concello ten nos Regos ou vía telefónica chamando ao 981 610 000.

## Extraordinarios resultados académicos do estudiantado de bacharelato

Unha vintena de estudantes dos centros educativos de Oleiros foron recoñecidos na denominada MEGAU polos seus excelentes expedientes académicos nas probas de acceso á Universidade. A iniciativa das universidades galegas busca recoñecer aos estudantes que acadaran unha nota igual ou superior a 8,5 na fase xeral da PAU, así como aos centros onde cursaron o Bacharelato.

Os estudantes de Oleiros que foron distinguidos son: do IES Neira Vilas, Pelayo Blanco, Inés Cachón, Martiña Cortizo, Antía González, Sofía López, Ana Isabel Torres e María Varela; do IES María Casares, Noa Llanes, Ana Grau, Raquel Tuimil, Ismael Vázquez e Diana María Dubra; do IES Miraflores, Irene Sánchez, Martín Redondo, Laura Lagoa, Bruno Ferreiro e Aitana Álvarez; e do Colexio Hijos de Cristo Rey, África María Fernández, María Casas, Enma Fernández e Ana Larrosa.



■ Ademais do MEGAU, África María Fernández Loira recibiu o Premio Extraordinario de Bacharelato (20 en toda Galicia).

“O Concello  
quere felicitar  
publicamente a  
todas e todos  
polos seus  
logros, exemplo  
de compromiso,  
esfuerzo e  
excelencia  
académica.”

## Outros 20 veciños e veciñas en paro formados no Centro Municipal de Formación



Rematou un novo obradoiro de emprego no que 20 persoas que se atopaban en situación de desemprego formáronse nas especialidades de xardinería e carpintería, cunha elevada demanda no mercado laboral.

Durante os 9 meses de aprendizaxe, os veciños e veciñas participantes estiveron cobrando o salario mínimo. Para favorecer a súa inserción laboral, o Concello subvenciona ás empresas que contraten ao alumnado deste obradoiro con 1.500 euros.



## ◀ A Feira do mel, o domingo 9 de novembro en Perillo



“ A XXXV edición da Feira do Mel celébrase o 9 de novembro baixo a cuberta da pista polideportiva da avenida da II República. O horario será de 10.00 a 15.00 horas.

Un total de 41 apicultores galegos virán a Oleiros a expoñer e vender os seus produtos. As persoas que se acheguen a esta feira poderán coñecer e adquirir todo tipo de alimentos e artigos relacionados co mel, desde os máis tradicionais ata produtos de beleza e coidado corporal. Ademais, actuará Semente Nova ás 12:00 h e a Banda Municipal ás 13:00 h.

Con esta feira, única en toda Galicia, o Concello de Oleiros pretende apoiar a un sector produtivo que sofre a constante ameaza da globalización, das grandes industriais alimentarias, dos novos costumes alimentarios e nos últimos anos tamén da avespa velutina.

## Contacontos e obradoiros infantís nas bibliotecas municipais


As bibliotecas do Concello de Oleiros ofrecen durante os vindeiros meses diferentes sesións de contacontos e obradoiros dirixidos a nenos e nenas maiores de 2 anos. Todas as actividades están dispoñibles na web municipal [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org). É posible apuntarse en cada biblioteca ou por teléfono no 981 610 000.

### APEGO

Todas as fins de semana o Concello organiza actividades para as familias: espectáculos de rúa, obradoiros de olaría, contacontos, concertos infantís, teatro, cantarelas... É posible coñecer a programación e inscribirse na web municipal [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org).



## Subscríbete ao servizo de novas do Concello de Oleiros



Recibirás diariamente, de xeito automático e gratuíto, toda a información municipal no teu correo electrónico.

Desde a páxina principal da web municipal, [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org), poderás acceder ao formulario de subscrición para darte de alta neste servizo.

# Cultura de calidade para todas e todos

“A ampla programación cultural coa que o Concello afronta os meses de outono e inverno fará que gocemos do teatro, concertos, exposicións, saídas culturais e moito máis. Para os seguintes espectáculos teatrais no auditorio municipal **GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ en Mera**, a venda de entradas anticipadas poderán adquirirse a través da billeteira electrónica en [www.giglon.com](http://www.giglon.com) ou na billeteira do auditorio unha hora antes do comezo de cada un dos espectáculos.

A partir do mes de outubro, os pagos nas billeteiras dos auditorios só se poderán realizar con tarxeta bancaria.

## TEATRO

### AS FORMAS DO AMOR

Verdeveras expresións artísticas

- Sábado 25 de outubro  
ás 20:30h

**As formas do amor** achéganos unha historia de amor desas inesquecibles, amores que marcan un antes e un despois na vida. Logo de tanto tempo separados, quizais hoxe sexa o día xusto para volver atoparse por primeira vez. Unha historia para saír do teatro con moi boa sensación no corpo, con gusto, alegría e esperanza. Unha historia para falar e reflexionar sobre iso que chamamos «amor».



## TEATRO

### TROMSO / Morraoconto

- Sábado 15 de novembro  
ás 20:30h

Cando un ser querido nos deixa, o baleiro que queda échenos dun silencio que, ás veces, nunca conseguimos facer desaparecer. Un silencio que se aferra ao corazón apagando para sempre parte da súa luz. **Tromsø** é unha reflexión en clave de humor desde a perda. Sobre a vida, a morte e todo o que queda entre medias. É un canto á tristura pero tamén á esperanza. Unha viaxe épica polos mares do norte, navegando tormentas, fiordos e enormes cardumes de arenque, na procura de respostas nun lugar onde as candorcas, co seu canto, desgarran o silencio salvaxe da aurora boreal.



## TEATRO

### ARTE SEN GUIÓN / Galeatro

- Sábado 1 de novembro  
ás 20:30h

Existiu o teatro medieval en galego? **Arte sen guión** responde a pregunta desde as ferramentas da improvisación contemporánea. Catro comediantes representan os entremeses compilados nun estraño códice da Idade Media enchendo as partes incompletas coa axuda do público e tratando de agochar todos os anacronismos que introducen polo seu descoñecemento da época. **Arte sen guión** é unha especulación improvisada, unha relectura dun tempo deostado e unha comedia que nos lembra que nin antes eran tan antigos, nin agora somos tan modernos.



## TEATRO

### AS GARDIÁS OU O NÓ DO TECELÁN

Teatro de Ningures

- Sábado 22 de novembro  
ás 20:30h

**As Gardiás**, ou o dereito a decidir como xestionar a nosa propia vellez. O humilde piso de Rosa, nun vello edificio no corazón dun barrio popular dunha vila obreira, é o refuxio acolledor dunha tribo de catro mulleres maiores organizadas. Rosa (que se topa nunha cadeira de rodas) e as súas compañeiras, Ana, Marga e Susana, son operarias xubiladas da industria téxtil, e están decididas a preservar a súa independencia. Cando a filla de Rosa, Vitoria, propón trasladala a unha institución médica e vender o apartamento, comeza unha loita entre dúas visións do ben envellecer. Enfrontadas ás decisións de Vitoria, as vellas mulleres defenden o seu dereito a vivir xuntas e en liberdade e artellan unha serie de estratexias para convencer a Vitoria de que a súa é a postura mellor.



## TEATRO


### ESAS COUSAS

### MARABILLOSAS

Empatía teatro

- Sábado 8 de novembro  
ás 20:30h

**Esas cousas maravillosas** comeza cando o público vai entrando na sala e é recibido polo actor. Dálles a benvida, axúdaos a se acomodar, e dálles un papeliño que vai xogar no espectáculo. Cando empeza o espectáculo, o público xa leva un cacho dentro del sen sabelo e algúns cunha “cousa maravillosa” na man. É unha peza participativa, tenra, emocionante e divertida. Unha comedia que fala sobre a saúde mental, a depresión e o suicidio. É unha obra que pode cambiarche a vida... e para ben.



## A Fábrica acollerá diferentes exposicións entre os meses de outono e inverno

As exposicións de obras pictóricas, escultóricas, fotográficas ou doutros estilos artísticos permanecerán abertas ao público na Fábrica (Perillo) durante aproximadamente dúas semanas para seguir adiante no empeño de difundir a cultura en todos os eidos e asemade incidir no desenvolvemento da educación artística dos nosos veciños e veciñas.

# TRIBUNA ABERTA

## Mentir... non é delito?

Depende. Nunha sociedade que está ao límite debido á confrontación social, política e económica; a mentira no eido político é o primeiro chanzo para cometer calquera delito.

Mentir é delito se polariza a opinión pública co único propósito de desestabilizar e desviar o foco do realmente importante para a sociedade; e coa única base dunha intuición, un bulo, unha invención do típico matón de barrio que se dedica a ame-drentar e ameazar a todos cantos se lle poñen enfronte ampa-rado polo amplo paraugas dun sistema corrupto que beneficia só a uns poucos, sempre aos mesmos!

A xente está cansa. Percíbese. Basta de fango, de cortinas de fume... A corrupción política, os bulos, as mentiras os pseu-doxornalistas amiguetes do aparato do sistema... Sistema do que participan todos e do que son coñecedores e beneficia-rios todos! A corrupción xa non é exclusiva dun partido, é un rasgo case que sistémico dun modelo de poder consolidado en España onde a cultura dos “favores”, das adxudicacións a dedo a “coleguitas”, das redes de contratistas e empresas a fin a un partido político ou outro (dependendo de quen ostente o poder no momento) xa non son excepción, senón case unha norma.

A mentira na política é a corrupción da palabra. Un corrupto xamais será un bo xestor e un mentireiro tampouco! Se ben é certo as políticas sociais, laborais e en materia de

igualdade pouco a pouco dan froitos, aínda non é suficiente. O pouco que se avanza deslócese con tramas corruptas, polí-ticos irresponsables, berros de “e ti ...máis!”, insultos e gol-pes na Tribuna do Congreso. O templo da palabra e da plu-ralidade ideolóxica convertido nunha feira de gando onde os proxectos de futuro para nós, para o País, para sociedade; brillan pola súa ausencia.

Merecemos verdade e dignidade política; que a corrupción sexa denunciada, xulgada e castigada como tal en todos os casos e canto antes; mais todo isto non pode facernos esmo-recer, decaer ante un sistema con mazás podres. Existe a xente honrada que loita polos intereses comúns: pola vivenda digna, pola educación e sanidade pública, pola igualdade real, polos dereitos LGTBIQ+, por condicións de vida dignas, polas mulleres... por un futuro de garantías sociais e dereitos que lle poidamos deixar aos noso fillos e fillas. Nesta tarefa debemos ser implacables todas e todos, apostar por construír pontes para convivir, non para competir; para que non se confunda a liberdade coa impunidade e para que o ser mentireiro, corrupto e mal cidadán volva a dar vergonza neste país. Ser ruín, cana-lla, insensible ante o sufrimento dos nosos iguais non é pro-pio dunha sociedade civilizada e sa. Temos a responsabilidade de escoller de que lado queremos estar: do que pisa ou do que levanta! Non só pola dignidade individual senón pola posibili-dade dunha sociedade mellor.

Sofía León (Liáns)

### Concello de Oleiros: 981 610 000

Oficina de atención ao veciño • de luns a venres de 8 a 20 h

|                          |                      |
|--------------------------|----------------------|
| Policia Local (24 horas) | 981 610 001          |
| Garda Civil de Oleiros   | 981 610 067          |
| Garda Civil urxencias    | 062                  |
| Emerxencias Oleiros      | 981 636 933          |
| Xulgado                  | 981 610 824          |
| Servizo de augas         | 981 610 602          |
| Recadación municipal     | 981 635 603          |
| Ofic. Consumidor (Omic)  | 981 610 000 ext.1274 |

|                              |             |
|------------------------------|-------------|
| C. Recuper. fauna salvaxe    | 881 960 405 |
| Urxencias médicas (24 horas) | 061         |
| Centro Urxencias Sta. Cruz   | 981 614 901 |
| Centro Saúde Perillo         | 981 638 731 |
| Centro Saúde Sta. Cruz       | 981 626 768 |
| Centro Saúde de Oleiros      | 981 082 188 |
| Casa do Mar de Mera          | 981 628 544 |
| Oficina Turismo              | 981 904 052 |

#### Centros educativos

|                               |             |
|-------------------------------|-------------|
| CMF Isaac Díaz Pardo          | 981 631 706 |
| El A Pardela / Os Regos       | 981 631 788 |
| El As Galeras / Bastiagueiro  | 981 648 446 |
| El A Braña / Mera             | 981 617 505 |
| EIM A Canteira / Perillo      | 981 977 921 |
| IES Neira Vilas / Perillo     | 881 880 858 |
| IES Miraflores / Oleiros      | 881 880 845 |
| IES Mª Casares / Bastiagueiro | 981 626 344 |
| CEIP Luís Seoane / Mera       | 981 617 130 |
| CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz | 881 880 801 |
| CEIP Valle Inclán / Perillo   | 881 960 324 |
| CEIP A Rabadeira / Oleiros    | 881 960 270 |
| CEIP Juana de Vega / Nós      | 881 960 947 |

#### Centros municipais de actividades

|                               |             |
|-------------------------------|-------------|
| Centro Cultural A Fábrica     | 981 636 598 |
| Centro Cívico de Sta. Cruz    | 981 626 497 |
| Casa do Pobo de Iñás          | 981 631 240 |
| Casa do Pobo de Nós           | 981 664 257 |
| Casa do Pobo de Lorbé         | 981 618 201 |
| Centro Cultural de Montrove   | 981 639 422 |
| Casa da Cultura de Perillo    | 981 636 555 |
| Centro de Información Xuvenil | 981 636 598 |
| Museo Oleiros J.M.Kaydeda     | 981 626 692 |
| Castelo de Sta. Cruz          | 981 630 618 |
| Aula do Mar / Faros de Mera   | 981 618 154 |
| Escola Municipal de Danza     | 981 639 688 |
| Escola Municipal de Música    | 981 639 143 |
| Centro de Lecer Portaberta    | 981 614 083 |
| Complexo deportivo de Oleiros | 981 611 338 |
| Complexo deportivo de Perillo | 981 634 030 |
| Complexo deportivo de Dorneda | 981 614 430 |
| Piscina Municipal da Fábrica  | 981 639 506 |

#### Bibliotecas

|                                            |             |
|--------------------------------------------|-------------|
| Central Rialada / Perillo                  | 981 639 511 |
| Rosalía de Castro / Sta. Cruz              | 981 626 338 |
| Mª José Trincado / Mera                    | 981 628 507 |
| Mª José Ruso / Dorneda                     | 981 626 638 |
| Manuel María / Oleiros                     | 981 610 700 |
| Ánxel Fole / Nós                           | 981 664 257 |
| Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé                | 981 618 201 |
| Biblioteca Mediambiental / Pazo de Lóngora | 981 630 618 |

### Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 17 de outubro

|                          |               |
|--------------------------|---------------|
| DEXO (Santa María)       | 1.504         |
| DORNEDA (San Martiño)    | 3.825         |
| IÑÁS (San Xurxo)         | 1.327         |
| LIÁNS (Santa Eulalia)    | 11.439        |
| MAIANCA (San Cosme)      | 1.758         |
| NÓS (San Pedro)          | 5.055         |
| OLEIROS (Santa María)    | 3.380         |
| PERILLO (Santa Leocadia) | 9.275         |
| SERANTES (San Xulián)    | 1.734         |
| <b>TOTAL</b>             | <b>39.297</b> |

### FARMACIAS de GARDA de outubro a decembro 2025

- **LORBÉ** • Rúa Golfiño, 117-A: **Do 24 a 31 outubro**
- **IÑÁS** • Avda. das Mariñas, 54, Parque Oleiros: **Do 31 outubro a 7 novembro**
- **PERILLO** • Rúa Areal 17: **Do 7 a 14 novembro**
- **OLEIROS** • Camilo Díaz Baliño, 1: **Do 14 a 21 novembro**
- **MERA** • Praza de Miramar, 4: **Do 21 a 28 novembro**
- **PERILLO** • Avda. Rosalía de Castro, 247: **Do 28 novembro a 5 decembro**
- **NÓS** • Avda. das Mariñas, 247: **Do 5 a 12 decembro**
- **SANTA CRUZ** • Francisco Comesaña 4-6: **Do 12 a 19 decembro**
- **ARILLO** • Avda. República Arxentina, 106: **Do 19 a 26 decembro**
- **OS REGOS** • Avda. Isaac Díaz Pardo, 4: **Do 26 decembro a 2 xaneiro**

TRANSPORTE PÚBLICO: [www.bus.gal](http://www.bus.gal)  
Radio TAXI: 981 24 33 33



## Capital de charol



A profunda transformación de Santa María de Oleiros salta á vista. Dunha única propiedade pública pasouse a contar con numerosos edificios para servizo da cidadanía, rodeados por unha sucesión continua de parques e xardíns públicos.

Ademais de remodelar e actualizar a Casa Consistorial, co avance dos anos foi creándose un núcleo de centralidade administrativa coa adquisición e restauración por parte do Concello de Casa Charry, que presta servizo como centro cultural e salón de plenos; a Casa García de Dios, sede do departamento de Obras Públicas, Recursos Humanos e Tecnoloxías da Información; o antigo edificio do Banco Pastor, sede da Facenda

Municipal e AquaOleiros; e os baixos do Edificio Obelisco destinados a xulgados, Policía Local, Biblioteca pública, Servizos Sociais e Arquivo. Ademais da antiga cámara agraria, hoxe sede de Radio Oleiros.

Toda esa rede edificios e instalacións, foi engalanada coa creación e apertura de amplas áreas de esparcemento e zonas verdes. Os parques Rigoberta Menchú, Víctor Jara, José Luis Sampedro, praza da Rabadeira... convierten a capital municipal nun espazo urbano inmejorable, óptimo para a convivencia e o lecer.

## Santa Cristina, máis guapa



“ Santa Cristina está máis fermosa. As obras de renovación completa da avenida, xunto coas abordadas anteriormente das rúas adxacentes, contribuíron a embelecer substancialmente esta icónica zona de Oleiros ampliando o espazo de paseo e encontro sen incomodar a operatividade das rúas en canto o acceso a domicilios e garaxes.



A transformación realizada modernizou todos os aspectos da avenida, tanto na superficie coma nas conducións soterradas, que quedaron renovadas para moitos anos e conformaron unha importante dimensión da obra, que **costou 1,7 millóns de euros**.

A nova avenida ten amplas beirarrúas, mantén as mesmas posibilidades de aparcir e conserva as dúas calzadas para o tránsito a motor. Iso ata a rúa Linneo, onde o espazo convértese nunha plataforma única para a convivencia entre o escaso tránsito de vehículos e os peóns, conectando co paseo marítimo da Avenida das Américas, a praza Afundida e a oficina de turismo. Unha avenida que reduciu de feito a súa velocidade a 30 km/h grazas á instalación de varios pasos peonís elevados, os maiores garantes da seguridade viaria.

